

## ANEXO I PROPOSTA DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN STEMbach

Dirección do proxecto	
Nome: Juan José Hermida Lago	
Enderezo electrónico: jhermida@edu.xunta.gal	Teléfono: 656 468 702
Co-dirección do proxecto	
Nome: Emilio Fernández Suárez	
Enderezo electrónico: esuarez@uvigo.es	Teléfono: 986812591
Nome: Gonzalo Méndez Martínez	
Enderezo electrónico: mendez@uvigo.es	Teléfono: 986812645
<b>Bienio</b>	<b>2021 – 2023</b>
<b>Número de participantes (máx. 4)</b>	<b>Marian Valverde Iglesias</b>

NOTA: Os custos derivados da execución deste proxecto de investigación tales como os desprazamentos do profesorado da Uvigo ao centro educativo ou doutras actividades establecidas no plan de traballo, correrán a cargo do centro educativo ao que se asigne este proxecto.

### Título

**Avaliación da percepción social e dos usos do espazo protexido da Foz do río Miñor (A Ramallosa-Nigrán)**

### Resumo

A Foz do Miñor é un espazo protexido, catalogado como Zonas de Espacial Conservación (ES1140003) (DOG de 31 de marzo de 2014) por albergar hábitats e especies de interese comunitario ó abeiro da Directiva 90/43/CEE. Pola súa situación xeográfica, a Foz do Miñor atópase sometida a unha gran presión antrópica non só por atoparse nunha das zonas con maior actividade turística de Galicia senon porque neste espazo se desenvolven numerosas actividades que en moitos casos resultan incompatibles coa conservación e protección dos seus valores medioambientais.

O establecemento de medidas eficaces de protección e conservación require unha avaliación precisa da percepción que a cidadanía ten acerca da importancia deste espazo e tamén a identificación dos diversos usos que se levan a cabo neste espazo e que poderían non ser compatibles coa protección e conservación dos seus valores.

### Obxectivo

Avaliar a percepción social acerca do espazo protexido e identificar os usos que se levan a cabo na Foz do río Miñor.

### Plan de traballo

<https://www.uvigo.gal/ven-uvigo/centros-secundaria/steam/stembach>  
[stembach@uvigo.gal](mailto:stembach@uvigo.gal)

O proxecto de investigación desenvolverase en tres fases:

**FASE 1. Contextualización do problema.** Durante o primeiro trimestre do curso 2021/2022 (set-dec), a alumna redactará o proxecto para o que deberá realizar unha búsqueda bibliográfica coa finalidade de establecer o marco teórico da investigación.

**FASE 2. Obtención de datos.** Durante o primeiro semestre de 2022 (xan-xuñ), a alumna desenvolverá a metodoloxía deseñada no proxecto para obter e analizar os datos necesarios para cubrir os seus obxectivos.

**FASE 3. Redacción da memoria.** Durante o primeiro trimestre do curso 2022/2023 (set-dec) e o primeiro trimestre de 2023 (xan-mar), a alumna redactará a memoria onde ademais de recoller todo o proceso realizado presentará as súas conclusións. Asimesmo, preparará a lectura e defensa do traballo.